
INTERPELACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS SUBVENCIONS AO DEPORTE FEDERADO CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2021 E 2022

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte **interpelación** para o seu debate e inclusión na orde do día do Pleno da Corporación:

ANTECEDENTES:

1. O deporte de base é unha das facianas máis dinámicas do tecido asociativo de Compostela. Máis de 100 clubs de distintos deportes adestran e compiten na nosa cidade, ofrecendo unha alternativa de ocio saudable e deporte para a mocidade e para a cidadanía en xeral.
2. Este tecido deportivo mantense e sobrevive grazas a horas e horas de traballo voluntario por parte de moitas equipas directivas e persoal técnico que se encargan dos adestramentos, da xestión económica e deportiva, da organización e loxística, e outro innumerables traballos que teñen como único obxectivo da práctica deportiva.
3. A administración local debería ser esa que pola súa proximidade da cidadanía cumpra coa obriga de apoiar, con todos os seus recursos e posibilidades, a práctica deportiva en xeral e particularmente o deporte de base que traballa coa xente moza. Esta práctica achega moitos beneficios persoais e colectivos tanto na saúde física e psíquica como nas relacións sociais.
4. Porén, actualmente, o Departamento de Deportes está sufrindo unha das maiores crises e desmantelamento da súa historia. Un desleixo e falta de dirección política que demostra un nulo interese da concelleira delegada na xestión do ben común e que neste caso xa denunciámos publicamente, no mes de marzo, o atraso no pago das subvencións ao deporte correspondente ao ano 2021.
5. Unha situación que é xeral do concello, posto que quedaron catro millóns de euros sen pagar en subvencións ás asociacións de Santiago, e que resulta especialmente grave no caso das deportivas ou culturais.
6. O atraso no pago destas subvencións afecta tanto aos clubs máis modestos como aos máis coñecidos como o Santiago Futsal ou o Arteal Tenis de Mesa.

7. Hai subvencións sen pagar de 800 € ate os 10.000 €, todas en equipos para os que a achega municipal é fundamental para afrontar gastos que teñen que seguir facendo para manteren a súa actividade e que o seu impago colócaos en situacións económicas complicadas por mor desta demora que non ten precedentes nos últimos anos.
8. Durante o pasado mandato o Goberno de Compostela Aberta buscou fórmulas para contribuír a diminuír as tensións financeiras nos equipos, a través do pago anticipado dunha parte desas subvencións nominativas, que nalgúns casos podía chegar ao 60 por cento.

Tendo en conta estes antecedentes parece que o goberno municipal, e particularmente a concelleira delegada de deportes, vai camiño de repetir a desastrosa xestión do ano pasado, xa que a anterior convocatoria de subvencións para o ano 2020 resolveuse o 9 de novembro de 2021 en Xunta de Goberno por urxencia. E ademais, estas subvencións nominativas aínda non están abonadas 5 meses despois de rematar o 2021. Unha situación que podería resolverse se o Goberno local habilítase o pago anticipado das mesmas tal e como está contemplado nas propias bases de execución do orzamento

Neste contexto, a concelleira de Deportes, Esther Pedrosa, non está a exercer as súas responsabilidades, nin está adoptando as medidas necesarias para axilizar os pagos das subvencións, nin parece que lle preocupe a situación que atravesan os clubs deportivos da cidade, unha liña de actuación que xa se converteu na norma durante os tres anos que levamos de mandato. O que está a acontecer con estas axudas é un exemplo máis da ausencia de Esther Pedrosa, que vén dando numerosas mostras de non estar á altura do cargo que ocupa,

Por todo o anterior, transcurros 5 meses xa do 2022 e tendo en conta a grave situación dos clubs deportivos que non recibiron aínda a subvención correspondente ao ano 2021 á que teñen dereito, presentamos a seguinte **INTERPELACIÓN** para o seu debate no Pleno:

- **Cal é a situación actual das subvencións dependentes do departamento de Deportes? cando se pagaran as correspondentes á convocatoria do ano 2021? Que previsión manexa o goberno para as axudas correspondentes ao ano 2022 tanto no que respecta á resolución como ao pago efectivo? Contempla o goberno local habilitar o anticipo das subvencións, na súa totalidade ou parcialmente? Que explicación pode dar a concelleira para as demoras tanto nas resolucións como no abonamento das mesmas? Vai a concelleira desculparse co deporte de base compostelán por levar aos clubs ao bordo do colapso económico?**

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2022

Xan Duro Fernández
Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

